

# III CONCURSO LITERARIO INFANTIL-XUVENIL

## “FUNDACIÓN O NOSO LAR “

### BASES

1.- Este Concurso Literario Infantil-Xuvenil, ten como fin fomentar e promocionar a creatividade literaria dos nenos, rapaces e mozos. Nel poderán participar os menores de 25 anos según os apartados seguintes:

- a) **Nenos ata 14 anos .**
- b) **Rapaces de 15 a 18 anos.**
- c) **Mozos de 19 a 25 anos.**

2.- O tema dos traballos versará sobre o **medio rural**, con forma e estilo libre (narrativa, conto, diálogo...)

3.- Os traballos deberán ser inéditos e presentarse preferentemente en galego, manuscritos con letra lexible ou a ordenador, en ambos casos en folios escritos por unha soa cara e deixando marxes de 2 cm. De utilizar ordenador, deberá empregarse letra Times New Roman, tamaño 12 e interlineado de 1,5.

4.- A **extensión do traballo** será, según os apartados sinalados máis arriba, a seguinte:

**Apartado a):** mínimo de dous folios e máximo de cinco.

**Apartados b) e c):** mínimo de tres folios e máximo de cinco.

5.- **Cada traballo será realizado e firmado por un só concursante.**

6.- **Os traballos deberanse presentar por triplicado**, asinados con seudónimo e acompañados dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do traballo, o seudónimo e a idade do autor, e no seu interior farase constar nun papel: nome e apelidos, dirección e teléfono do autor do traballo, así como o nome do centro onde realiza o seus estudos e o curso a que pertence (no caso de ser estudante).

7.- **Concederanse os seguintes premios** en cada un dos apartados (a, b, c):

**Primeiro premio** dotado con 200 € e diploma.

**Segundo premio** dotado con 100 € e diploma.

8.- **O prazo de admisión dos traballos** comeza na data de publicación desta convocatoria e **rematará o 1 de maio** de 2014.

9.- A **entrega de premios** aos ganadores do Concurso, realizarase o **domingo 25 de maio** de 2014 as **17h** na sede da *Fundación O Noso Lar* en **San Román de Lousada**, nun acto especial onde despois de dar lectura aos traballos galardoados cos primeiros premios, terá lugar un pequeno festexo.

10.- O xurado calificador do Concurso será designado polo Padroado da Fundación e o seu fallo será inapelable

11- Os traballos premiados quedarán en propiedade da Fundación O Noso Lar, que publicará os primeiros premios na súa revista *O Noso Lar*.

12.- O xurado poderá declarar desertos os premios se estima que ningún dos traballos presentados acadará a calidade necesaria.

13.- As obras que non resulten premiadas serán destruídas

#### OS TRABALLOS ENVIARANSE A:

**Fundación O Noso Lar  
San Román de Lousada  
27620 SAMOS (LUGO)**

Estamos no ano 2014, declarado pola Axambla Xeral da ONU “**Ano Internacional da Agricultura Familiar**”.

Esta declaración ven a ser como unha ferramenta para promocionar políticas activas a favor do desenvolvemento sostible dos sistemas agrarios baseados na unidade familiar. Todo elo dende a perspectiva da loita eficaz contra a pobreza, a fame, e a búsqueda dun medio rural baseado no respecto ao medio ambiente e á biodiversidade.

A proba da importancia que ten a agricultura familiar é que o 70% dos alimentos que consumimos no mundo procede desta vía, e que o 40% das familias do planeta viven grazas a esta actividade.

Cabe engadir que o vínculo dos agricultores familiares co seu entorno, convírteos en garantes do manexo sostible dos recursos naturais. Non podemos esquecer que son eles os autores da protección de algo tan importante como é a agro-diversidade, xa que son os que conservan e emplean variedades de sementes e razas gandeiras autóctonas que se adaptan aos diferentes ambientes.



*Sede da Fundación O Noso Lar*

**Fundación O Noso Lar**  
San Román de Lousada  
27620 Samos (Lugo)

[www.onosolar.org](http://www.onosolar.org)

Tel.: 982 187004

[fundación@onosolar.org](mailto:fundación@onosolar.org)



*Interior da capela románica de San Román de Lousada*

## III Concurso Literario

### Infantil-Xuvenil

## Fundación O Noso Lar

